



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO
CELEBRADA O DÍA 13 DE MARZO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUADERO CENTRÓN (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 13:30 horas do día TRECE de MARZO de 2006 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Patricia Hernández Estévez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Patricia Hernández Estévez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA CON CARÁCTER PREVIO Á CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

Polo Presidente xustifícase a urxencia en base a que o grupo de goberno do Concello de Ribadavia decidiu saír da Mancomunidade por a pouca eficacia dos servizos, co fin de poder acceder ás subvencións e tamén polas discrepancias coas liquidacións practicadas polo Presidente contra as que se vai recorrer.

De seguido procédese á votación, quedando ratificada por maioría a urxencia cos votos a favor dos grupos municipais do P.S.O.E. (5 votos) e do B.N.G. (2 votos) e os votos en contra do grupo municipal do P.P. (6 votos).

2.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 23 DE FEBREIRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 23 de Febreiro de 2006, ao que se lle resposta que non, quedando aprobada por unanimidade.

3.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 31 de decembro, dúas, unha sobre aboamentos e outra en materias da súa competencia.

Do 6 de febreiro, unha, en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo, I.A.E).

Do 13 de febreiro, unha, en materia de asuntos fiscais (Mercadillo Municipal, I.V.T.M, IBI).

Do 14 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de febreiro, dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de febreiro, dúas, unha en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo, IBI) e outra sobre aboamentos.

Do 21 de febreiro, dúas, unha sobre recurso de reposición e outra sobre aboamentos

Do 22 de febreiro, catro, unha sobre revogación dunha resolución de data 31.01.06, outra en materia de obras e outras da súa competencia ,outra sobre baixa voluntaria dun membro do GRUMIR e outra sobre aboamentos

Do 23 de febreiro, dúas, unha sobre incoación de expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística e outra sobre aboamentos.

Do 24 de febreiro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre resolución de Convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 27 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de febreiro, dúas, unha sobre aprobación da liquidación do presuposto municipal e outra sobre aboamentos.

Do 1 de marzo, dúas, unha sobre paralización de obra e incoación de expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística e outra sobre expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística.

Do 3 de marzo, tres, sobre paralización de obra e incoación de expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística, outra sobre materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre Convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 6 de marzo, dúas, unha sobre recurso de reposición e outra sobre expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística.

Do 9 de marzo, unha, sobre Convocatoria a Pleno.

4.- RETIRADA DO CONCELLO DE RIBADAVIA DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO RIBEIRO.

Pola Presidencia concédese a palabra ao Secretario que procede á lectura da proposta da Alcaldía que literalmente di:

“DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA, ten a ben presentar o Pleno a seguinte PROPOSTA

EXPOSICION DE MOTIVOS.-

A Mancomunidad de Concellos do Ribeiro naceu para que os Concellos que a compoñen puidieran prestar determinados servizos públicos da súa competencia, de xeito que servise con obxectividade os intereses públicos e actuando de acordo cos principios de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación.

As Mancomunidade deben ser entes de servizos e non políticos, a representación debe ser plural, tal coma sinala a Lei da Administración Local de Galicia e, a representación de cada Concello debe ser proporcional á contribución dos gastos de dito organismo, a parte doutros criterios que se poden valorar..

Con data 30 de outubro de 2003, o Pleno deste Concello, por unanimidade de tódolos membros, acordou, aprobar unha moción no senso de dirixirse a Mancomunidade de Concellos do Ribeiro para que proceda a modificación dos Estatutos de dito Organismo, co obxecto de recolle-la representación plural regulada no artigo 141 da Lei de Administración Local de Galicia, establecendo o voto ponderado dos seus membros, tanto no Pleno coma na Comisión de Goberno (actualmente Xunta de Goberno Local), de acordo co porcentaxe de participación nos gastos da Mancomunidade que teña atribuída cada Concello. Dita cuestión foi reiterada polos membros do Concello no Pleno da Mancomunidade o cál por parte dos responsables de dito organismo fíxose caso omiso. Dita cuestión non é de agora, senón que a través doutras Corporacións gobernadas polo Partido Popular fixéronse mocións e propostas semellantes sen que se tomarán en consideración e mesmo produciuse a retirada dalgún servizo (en concreto servizo de recadación).

Así mesmo, o noso xuízo, a Mancomunidade utiliza uns criterios para a liquidación dos servizos que son inxustos e arbitrarios, sen entrar a analizar o procedemento seguido para o seu establecemento, polo que o Concello de Ribadavia, a través dos seus representantes, fixo no seno de dito organismo propostas relativas o establecemento de diversos criterios para a fixación dos custos dos servizos que presta o organismo mancomunado, sen que ditas peticións foran tidas en consideración por parte da Presidencia nin houberan sido tratadas por órgano algún.

Con data 31 de decembro pasado a Mancomunidade, a través da súa Presidencia, ditou Resolución aprobando a liquidación final de custos a satisfacer polos Concellos para o sostemento dos servizos mancomunados prestados no exercicio 2005, contra a cál o Concello interpuxo recurso de Reposición por entendela que mesma non é conforme a dereito. En relación coas liquidacións practicadas, ano tras ano, o Concello ven solicitando o soporte documental e estudos de custos dos diversos servizos sen que a mesma fose facilitada, polo que supón para o Concello un “acto de fe”, crer en algo que descoñecemos, o cál agrábase este ano coa liquidación feita o Concello de Ribadavia por importe de 50.011,31 euros polo servizo de Protección Civil e Extinción de Lumes cando abandonamos o servizo con data 3 de marzo de 2005.

Como é coñecido, debido as discrepancias sinaladas entre o Concello de Ribadavia e a propia Mancomunidade, levou que dende o Concello abandonáranse diversos servizos, en concreto o de Recadación no ano 2003 e o de Protección Civil e Extinción de incendios o pasado ano 2005. Por outra banda o denominado “Servizos varios Cultura” apenas tivo incidencia neste municipio, xa que as subvencións que se outorgan son para promocionar actividades alleas a este Concello, coa agravante que neste ano nin se concedeu a subvención para a feira do viño, supoñendo este servizo un custo para as arcas municipais de 10.843,72 euros. Polo tanto non é lóxico que o Concello siga pertencendo a un ente mancomunado cando non está a recibir determinados servizos, se ben o ente mancomunado se está liquidando os mesmos, sobre todo cando o propio Concello dispón tanto de recursos materiais como técnicos para facerse cargo da prestación dos servizos.

A decisión de adherirse como de abandonar un ente asociativo entra dentro da liberdade de organización e funcionamento interno do propio Concello , constando como antecedente na Mancomunidade de Concellos do Ribeiro o abandono definitivo do Concello de Carballeda de Avia. A decisión proposta está suficientemente meditada e estudada, en base a criterios de eficacia, eficiencia e mellora dos servizos que se prestan a tódolos veciños do Concello de Ribadavia

En base á exposición de motivos, esta Alcaldía, propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Abandonar definitivamente a Mancomunidade Intermunicipal voluntaria de Concellos do Ribeiro, con data de efecto 31 de marzo de 2006.*

SEGUNDO.- *Notificar o presente acordo a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro e a tódolos organismos competentes.*

Non obstante, a Corporación Municipal co seu superior criterio, adoptará o acordo máis beneficioso para os intereses municipais.

Ribadavia, 13 de marzo de 2006.”

A continuación, ábrese o debate tomando a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, don FRANCISCO XABIER CARREIRA SEBIO, que sinala que o Concello de Ribadavia é membro da Mancomunidade dende a súa formación, sendo o que no seu momento máis fixo para que existise, a través da proposición da súa creación e impulsouna para que fóra cara arriba, resultado do cal fixéronse uns Estatutos moi xenerosos por parte de Ribadavia, nos que non fixo constar as súas peticións e dereitos, salvo unha petición que era que a sede da Mancomunidade radicase no Concello de Ribadavia e non se cumpre nin a día de hoxe. Manifesta que hoxe en día as discrepancias entre o Concello de Ribadavia e a Mancomunidade son continuas polo mal funcionamento, o custo dos servizos e polas liquidacións que se practican. O abandono barallouse xa no momento en que se abandonou a Mancomunidade no servizo de recadación, pero debido a presións non se chegou a facer efectivo o abandono total, se ben, a Mancomunidade non cambio nin cando se cedeu a Presidencia ao entón Alcalde de Ribadavia nin logo cando foi asumida polo Presidente actual. A continuación procede a indicar os vicios existentes que non pasan so polos Estatutos non adecuados á Constitución nin a lexislación vixente no que respecta a representación que ten que ter o Concello de Ribadavia, senón tamén en canto as liquidacións que se fan dos servizos, posto que non se está de acordo coas mesmas, entre elas coa do servizo de protección e extinción de lumes, posto que dito servizo non serve para atender os lumes en zonas urbanas e estes son a maioría dos de Ribadavia, posto que o Concello ten escasa zona de monte. Tampouco se está de acordo cos servizos sociais e coas decisións adoptadas en relación a eles, en concreto sinala que se renovou o persoal de axuda a domicilio sen comunicar dita decisión. Do mesmo xeito, non existe acordo cos servizos varios e Cultura que constitúen un “caixón desastre” onde se imputan gastos sen precisión nin coñecemento dos mesmos por parte deste Concello; nin serve o servizo de recadación, aínda que neste servizo se sigue pagando o 50%. Sí manifesta o acordo coas modificacións feitas no servizo de recollida de lixo, a pesar de que se negociou a posibilidade de liquidar en función dos quilos de lixo por Concello e non se aceptou. Aclara que se levan tres lexislaturas pedindo aclaracións e documentación sobre as liquidacións dos servizos co fin de coñecer os criterios que se seguen para liquidar, en base a qué se liquida, ... pero esa documentación non se facilitou máis alá da que se facilita á prensa. Dende a Mancomunidade tampouco se dá participación ao Concello nas bases de selección do persoal nin na elaboración das bases de execución do orzamento. Pon de manifesto a existencia dos desplantes dos últimos anos e das dúbidas ou discrepancias formuladas nos Plenos e que non se atenderon, así como o custe menor dos servizos de ser prestados polo Concello, segundo estudos xa feitos. Conclúe dicindo que unha vez exposto o problema ao Presidente da Mancomunidade, este manifestou a intención de modificar os Estatutos, se ben, a resposta dende o Concello de Ribadavia foi que non basta con mellorar a representatividade do Concello senón que hai que mellorar os servizos, posto que “non se pode converter a Mancomunidade nunha pequena Deputación”. Dende o grupo municipal do BNG existe disposición a reconsiderar a volta si se forma unha Comisión de todos os Concellos e se tratan todas as cuestións (servizos, liquidacións, contas,...). Por último, sinala que unha Mancomunidade de servizos non pode empregarse como unha plataforma política e non pode estar tampouco por enriba da soberanía dun Concello, por iso, vanse de algo que non convence, para o que contarán con axudas dende a Xunta.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do P.P., DON CELSO SOTELO BARROSO, que comeza sinalando que dende o grupo de goberno dáse como razón para o abandono da Mancomunidade os desplantes recibidos, cando o mesmo se fai dende o grupo de goberno coa oposición, pois o lóxico sería razoar os temas, dar explicacións e valorar a decisión a adoptar. Dende o grupo de goberno non se lle comunicou á oposición, con anterioridade a Xunta de Portavoces celebrada o xoves pasado, a intención de abandonar a Mancomunidade, nin tampouco se puxo de manifesto en ningunha comisión. Pide consenso para tomar as decisións e non so para lograr un acordo o día do Pleno. A oposición tamén posúe as liquidacións e está claro o desacordo con determinadas cuestións, pero o abandono da Mancomunidade é algo que se ven falando dende hai 15 ou 14 anos. Sinala que cando se abandonou o servizo con anterioridade houbo acordo da Corporación e a decisión foi consensuada. Na Xunta de Portavoces comunicouse a proposta do Presidente da Mancomunidade de modificar os Estatutos, e suxire a pescuda dunha solución máis xusta dende o punto de vista de cada Concello. Propón deixar o acordo para finais de ano e, se non se chega a un acordo, abandonar a Mancomunidade a 31 de decembro. Sinala que se critica á Mancomunidade contratar as empresas e ao persoal por urxencia e iso é o que vai pasar en Ribadavia coa saída. Pregunta que vai pasar coa gardería municipal e o persoal de servizos sociais que presta servizos a domicilio. Manifesta que hai dous meses rematou o exercicio 2005 e era o momento de presentar a proposta tal e como sinalan os Estatutos, por iso non se votou a favor da urxencia. Considera que hai que negociar agora que existe vontade pola Mancomunidade para modificar os Estatutos. Non entende as premas posto que as subvencións saen a partires do mes de abril e este trimestre liquidarase polo 100% do custo dos servizos, tendo un gasto excesivo que se podería evitar. Si se leva barallando a saída fai 15 ou 14 anos, que máis dá esperar 4 ou 5 meses, e tomar a decisión con sensatez como se fixo anteriormente. Conclúe dicindo que hai que valorar o prexuízo económico que pode traer para o Concello de Ribadavia, os seus veciños e o seu comercio.

Pola Presidencia dáse a palabra ao portavoz do grupo municipal do P.S.O.E., don JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, que comeza sinalando que coa intervención do grupo municipal do P.P. non quedou clara a súa postura a favor ou na contra da Mancomunidade. Sinala que lle resulta curioso que, tras catorce anos, cando Ribadavia anuncia a súa retirada se diga que se vai a negociar a modificación dos Estatutos. Dende o BNG e o PSOE sempre se manifestou a súa postura a favor da Mancomunidade, pero os intereses dos veciños de Ribadavia son os que levan a tomar esta decisión, que foi moi meditada, e o que non se pode pretender e que cada vez que os veciños de Ribadavia piden un servizo, o Concello teña que dirixirse ao Presidente da Mancomunidade para que se preste. Aclara que dende que está o grupo de goberno en todas as contratacións que se fan no Concello está presente a oposición e todos os servizos van a ser transparentes. A urxencia é o que fai ter que buscar solucións e empresas para solucionar o problema e que os servizos se presten e incluso se melloren. Reitera que non se trata dunha decisión precipitada, pois as diverxencias son as mesmas dende hai anos. O que se trata é de velar polos intereses dos veciños de Ribadavia e dende o grupo de goberno créese nas Mancomunidades, pero nas ben xestionadas. Conclúe sinalando que se o funcionamento fose o correcto non se adoptaría este decisión, e pon como exemplo o funcionamento do servizo de protección e extinción de lumes.

Pola Presidencia dáse paso a unha segunda quenda, tomando a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, para sinalar que lle gustaría escoitar por parte da oposición que non van a permitir que ningún cargo público do seu partido faga chantaxe psicolóxica aos veciños de Ribadavia. Aclara que a decisión adóptase dende a independencia como Concello, e estase disposto a asumir a gardería e ao persoal. Comenta que non se ofreceu un cambio de Estatutos senón que se comunicou a existencia da intención de negociar a modificacións dos mesmos contando co acordo dos Alcaldes máis recios. Conclúe dicindo que a Mancomunidade non é un órgano obrigatorio senón voluntario.

Polo Portavoz do grupo municipal do P.P. aclárase que en ningún momento se dixo que ía haber “boicot” por parte de ninguén, senón que podía existir ese “boicot” a Ribadavia por parte da propia xente, pois se teñen que facer unha xestión noutros Concellos e non en Ribadavia farán alí as compras. Con respecto as bases de persoal sinala que foron aprobadas na anterior Corporación co voto unánime da mesma. En relación a manifestación de que para traer un contenedor ou prestar un servizo hai que comunicarllo ao presidente da Mancomunidade considera que é lóxico posto que algún control ten que haber, pois o mesmo sucede nos Concello onde é necesaria a orde do Alcalde. Se dita decisión se leva preparando moito tempo e a primeira noticia se ten, por parte da oposición, na Xunta de Portavoces, está claro que falla ese diálogo. Sinala que se existe esa proposta de modificación de Estatutos quizais se deba en parte a actuación da oposición, e manifesta que polo seu grupo tamén se defenden os intereses dos veciños e do pobo. Suxire que posto que xa se están mirando os custos dos servizos porque non hai unha convocatoria pública para contratar a empresa que os preste. Conclúe dicindo que cando o Concello se retira da Mancomunidade perde o patrimonio que nela posúe e non vai haber negociación pois xa non se está dentro, e entende que a decisión debe ser consensuada e non adoptala co 50% dos votos, e entendería que dita decisión se adoptase a inicio da lexislatura e non a un ano das eleccións.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do PSOE quen reitera que, polas razóns expostas, o grupo do P.P. non deixa claro o seu acordo ou desacordo respecto ao abandono da Mancomunidade. Sinala que en Ribadavia se terán os mesmos servizos e a xente virá facer as xestións oportunas. Considera que para un servizo ordinario, como poñer un contenedor, non debería ser preciso dirixir un escrito ao Presidente da Mancomunidade. A importancia de Ribadavia reside no 30% que representa na Mancomunidade, e si se recoñece esa importancia agora coa saída porque non se lle deu a debida representación e o voto ponderado cando estaba dentro. Conclúe dicindo que lle gustaría contar coa oposición para tomar esta decisión e que existen razóns de peso para saír da mesma.

Conclúe o debate o Alcalde-Presidente aclarando que de acordo co artigo 29 dos Estatutos: “Ningún Concello que se dea de baixa antes da disolución da Mancomunidade poderá reclamar a parte que lle houbera correspondido no reparto de bens na data da baixa, ata o momento da disolución”, e sinala que esta decisión sopesouse polo Concello posto que se buscaba que a adoptada fose a mellor para os veciños. Existían dúas alternativas, unha, deixar a Mancomunidade para evitar o “mangoneo” e o caso omiso a nosas peticións, e dous, non deixala. Indica que este é o momento oportuno para abandonala, sendo o custo dos servizos menor si se presta polo Concello e polo que respecta ao persoal asumírase. Intentouse unha negociación co Presidente da Mancomunidade para seguir nela e pagar a débeda pero non tivo froito.

Dende o Concello, estase disposto a dalos servizos e melloralos. Se non se paga e porque o Concello non está de acordo coas liquidacións que se fan vanse recorrer xunto cos orzamentos, porque “non se pode negociar, cando non hai vontade para elo”. Conclúe dicindo que se trata de crear servizos e facelos propios dende a soberanía e autonomía do Concello.

De seguido dáse paso a votación, resultando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos) e os votos en contra do P.P. (6 votos), o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Abandonar definitivamente a Mancomunidade Intermunicipal voluntaria de Concellos do Ribeiro, con data de efecto 31 de marzo de 2006.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro e a tódolos organismos competentes.

Concluído o anterior, ás dúas e cincuenta do mediodía, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

